

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 16 DE MARZO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Asociación Galega da Propiedade Balnearia e a Axencia de Turismo de Galicia para a renovación e desenvolvemento da cátedra institucional de hidroloxía médica da USC, por importe total de noventa mil euros (90.000 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, por un importe total de cento nove mil cento oitenta e catro euros con noventa e seis céntimos (109.184,96 €), así como a superación do límite do 80 % da porcentaxe subvencionada, establecido no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para os pagamentos á conta.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o financiamento dos programas de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Cogami e das súas entidades para o exercicio de 2026. Importe: un millón sesenta e nove mil setecentos noventa e sete euros (1.069.797 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Autismo Galicia, para promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e das súas familias en Galicia e para o mantemento da federación e das entidades federadas para o exercicio de 2026. Importe: cento setenta e cinco mil trescentos trinta e un euros (175.331 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Saúde Mental Feafes Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), para o financiamento dos programas dirixidos a persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da entidade para o exercicio de 2026. Importe: seiscentos sesenta e cinco mil catrocentos trinta euros (665.430 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas, e definitivamente o proxecto de construción da senda en Nantón, estrada AC-552 (Cabana de Bergantiños), de clave AC/22/162.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trescentos setenta mil cincocentos dezanove euros con corenta e dous céntimos (370.519,42 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., do contrato das obras para a construción de 14 vivendas (VPP) e rochos na primeira planta do edificio existente na rúa Ponte Pielas, Freixeiro, concello de Narón (A Coruña) (exp. VPG-2026-0015), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, dun millón seiscentos seis mil cincocentos euros (1.606.500 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., do contrato das obras para a construción de 12 vivendas de promoción pública (VPP), na parcela B5 do polígono F6.02-praza Porticada I-PB5, na rúa Rei Abdullah, concello da Coruña (exp. VPG-2026-0012), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de dous millóns douscentos dez mil douscentos trece euros con seis céntimos (2.210.213,06 €).
- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se convoca o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes para a anualidade de 2026, por importe de tres millóns corenta e catro mil oitocentos noventa e tres euros con vinte céntimos (3.044.893,20 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se convoca o acceso ao Fondo de Cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da promoción da vivenda protexida de nova construción para a anualidade de 2026, por importe de oito millóns seiscientos cincuenta e cinco mil trescentos vinte e dous euros con setenta e catro céntimos (8.655.322,74 €).
- Acordo polo que se toma razón do acordo de aprobación inicial do proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Ourense (SU1 Escorial-O Vinteún).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de material non sanitario dun só uso de limpeza, aseo e enxoval con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de cinco millóns novecentos dezanove mil cento oitenta e dous euros con trinta e catro céntimos (5.919.182,34 €) e un valor estimado de trece millóns douscentos oito mil noventa e dous euros con oitenta e tres (13.208.092,83 €).
- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de lei de transformación dixital do Sistema Público de Saúde de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para a creación e o funcionamento da cátedra institucional de xestión cultural, por importe total de cincuenta mil euros (50.000 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe anual de avaliación do ruído ambiental en Galicia no ano 2024.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia das actuacións que se van realizar no CEIP Plurilingüe de Tenorio, do concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), polos danos ocasionados polo incendio do 11 de febreiro de 2026, por importe de catrocentos setenta e dous mil euros (472.000 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a aprobación pola Comisión Europea dun val rexional de innovación de cuántica liderado por Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a estrutura orzamentaria e a situación financeira dos concellos galegos en comparación coa media de España.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación do contrato de reforzo do firme AC/25/187.02: reforzo do firme nas estradas: VG-1.3, AC-161, AC-162, AC-163, AC-164, AC-173, AC-183, AC-230, AC-408 e AC-409, nos concellos de Bergondo, Betanzos, Oleiros, Sada, Ordes, Cerceda e Oza-Cesuras, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de tres millóns cincocentos trinta e nove mil setecentos noventa e oito euros con setenta e oito céntimos (3.539.798,78 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre os resultados de execución da orde pola que se procede ao financiamento de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C e á ampliación do crédito para a convocatoria 2026/27.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a publicación da asignación de dereitos de axuda básica á renda da reserva nacional da campaña da política agraria común 2025.
- Informe sobre os importes pagados a través dos fondos agrarios europeos da política agraria común (Feaga e Feader) no ano financeiro 2025.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a marca *pescadeRías, de onde se non?*

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA IMPULSA O ESTUDO E A INVESTIGACIÓN
RELACIONADA CO TERMALISMO EN GALICIA CO APOIO Á
CÁTEDRA INSTITUCIONAL EN HIDROLOXÍA MÉDICA**

- Turismo de Galicia destina 90.000 € para o período 2026-2027
- O novo convenio increméntase 5.000 € en cada anualidade e enmárcase nunha aposta que se alíña coa Estratexia de turismo 2030 do Goberno galego

O Consello da Xunta acaba de aprobar hoxe a sinatura do acordo para renovar o convenio polo que se financia a cátedra institucional en hidroloxía médica da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Este recolle unha dotación total de 90.000 €, que se distribuirán en dúas anualidades de 45.000 € cada unha, para 2026 e 2027.

Esta cátedra nace da colaboración entre a USC, a Asociación Galega da Propiedade Balnearia e Turismo de Galicia, que realiza a achega económica. A USC, pola súa parte, asume a obriga de organizar e dirixir a cátedra, mentres que a asociación achega os espazos necesarios para o desenvolvemento das actividades.

Entre outras, a cátedra prevé a realización de cursos, seminarios, conferencias e outras actividades académicas sobre a práctica da hidroloxía médica, as características das augas mineiro-medicinais e as súas aplicacións terapéuticas. Tamén se promoverá a investigación neste campo, impulsarse o debate entre as partes implicadas e difundiranse as investigacións realizadas.

Colaboración activa desde 2014

A cátedra institucional de hidroloxía médica foi creada en 2009, a través dun convenio entre a USC e a Asociación Galega da Propiedade Balnearia. A partir de 2014, Turismo de Galicia pasa a contribuír de forma clave nesta cátedra a través do financiamento, coa vontade de impulsar o termalismo, un recurso turístico estratéxico para a Comunidade.

Desde entón leva participado cun total de 450.000 € no seu desempeño, a través da renovación dos distintos convenios. En concreto, desde 2018 contribúese con 40.000 € anuais, polo que o actual acordo marca unha mellora significativa no financiamento ao incrementar cada anualidade en 5.000 €.

O fomento do termalismo alíñase coa Estratexia de turismo de Galicia 2030, que quere potenciar a Comunidade como destino auténtico e diferencial. Para isto apóstase por modalidades específicas de turismo, baseadas na singularidade da rexión, como é a súa rica oferta en augas mineiro-medicinais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, desde o Goberno galego promoveuse tamén o Plan de turismo termal de Galicia 2025-2028, co obxectivo de propor un conxunto de accións estratéxicas que lle permitan a Galicia posicionarse como destino termal de excelencia. Ademais, cóntase cunha área de turismo termal específica e estase a traballar en paquetes e medidas para impulsar esta modalidade turística.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS PARA A FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

A nova convocatoria aprobada hoxe polo Consello do Goberno galego está dotada con máis de 109.000 euros

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a convocatoria de seis bolsas para a formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento que se levarán a cabo nun máximo de 12 meses entre outubro de 2026 e setembro de 2027, na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en Santiago de Compostela ou en oficinas de Cooperación Española da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).

O importe habilitado para esta convocatoria supera os 109.000 euros, que se destinarán ao pagamento ás persoas bolseiras do importe das bolsas e das cotas patronais da Seguridade Social.

As persoas solicitantes deben ter residencia en Galicia e estar en posesión dun título universitario oficial de grao, licenciatura, diplomatura, arquitectura, enxeñaría ou similar. Ademais, entre os requisitos para optar a unha destas bolsas inclúese non ter emprego remunerado nin gozar doutra axuda deste tipo e tampouco desta en convocatorias anteriores.

Estas bolsas teñen como obxectivo principal apoiar a formación especializada de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, coa finalidade de complementar a formación académica coas liñas de traballo da Cooperación Galega e, no caso das bolsas noutros países, os proxectos que se están a financiar e que poderán visitar na súa estadía no terreo. A Xunta leva investido desde 2009 máis de 1,9 millóns de euros para o financiamento de máis dun cento de bolsas.

As actividades destinadas á formación de persoal especializado constitúen unha tarefa que a Xunta leva a cabo no marco do fortalecemento do sistema galego de cooperación, sendo o apoio á formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación unha das liñas de actuación do actual Plan director da cooperación galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 2 M€ A APOIAR O TRABALLO EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE REALIZAN COGAMI, AUTISMO GALICIA E SAÚDE MENTAL-FEAFES

Con estes fondos fináncianse iniciativas destas federacións en áreas como a integración social e laboral, os coidados terapéuticos ou os apoios para unha vida adulta independente

O Consello da Xunta autorizou hoxe tres convenios de colaboración da Consellería de Política Social e Igualdade con outras tantas federacións que traballan no ámbito da atención á discapacidade por un orzamento total de case dous millóns de euros.

As federacións beneficiarias destes acordos son a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), á cal se destina 1.069.797 euros; a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental (Saúde Mental-Feafes Galicia), que recibe unha achega de 665.430 euros, e a Federación Autismo Galicia, cun investimento de 175.331 euros.

A través destes convenios, a Xunta contribúe a financiar tanto os gastos de persoal como os programas que levan a cabo estas entidades, centrados na promoción da autonomía persoal e na prevención e atención á dependencia. Así, as iniciativas que se financian con estes acordos abranguen áreas como o fomento da integración social e laboral, a mellora dos coidados terapéuticos, os apoios para unha vida adulta independente ou accións de sensibilización dirixidas ao conxunto da sociedade.

A previsión é que estes convenios beneficien arredor de 40.000 persoas. O obxectivo é mellorar a calidade de vida das persoas que participan nestes programas e que ganen en autonomía para poder desenvolverse por si soas na vida diaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APROBA O PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA NA AC-552 EN NANTÓN, EN CABANA DE BERGANTIÑOS, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 420.000 €

- Trátase de habilitar un itinerario peonil de 1,5 quilómetros de lonxitude, co fin de fomentar a mobilidade sustentable e mellorar a seguridade viaria da estrada
- A senda facilitará a circulación dos usuarios da Asociación Íntegro para persoas con diversidade funcional, que accederán con maior seguridade ao centro de saúde, á parada do bus, á farmacia, ao campo de fútbol e outros servizos
- O Goberno galego segue a traballar en actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada, mellorando e favorecendo nos municipios unha mobilidade máis cómoda, saudable e segura

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o proxecto de construción da nova senda na estrada autonómica AC-552 en Nantón, ao seu paso polo concello de Cabana de Bergantiños, cuxas obras se licitarán no primeiro semestre deste ano e suporán un investimento total de máis de 420.000 euros.

En concreto, a actuación aprobada hoxe consiste na execución dunha senda peonil de 1,5 quilómetros de lonxitude, na marxe dereita da AC-552, entre os puntos 49+650 e 51+150, co fin de fomentar a mobilidade sustentable e mellorar a seguridade viaria da estrada, tanto desde o punto de vista do peón como do tráfico rodado.

A outra finalidade desta nova intervención do Goberno galego coa execución desta senda é a de apoiar a circulación dos usuarios da Asociación Íntegro para persoas con diversidade funcional, que poderán acceder con seguridade ao centro de saúde, á parada de autobús, á farmacia, ao campo de fútbol e outros servizos.

A aprobación definitiva deste proxecto no Consello da Xunta comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 32 predios necesarios para executar esta intervención. O prazo de execución das obras é de 6 meses.

Detalles das intervencións

Executarase un itinerario peonil no citado treito da AC-552, sen modificar o trazado da vía, cunha sección tipo de 1,80 metros de ancho de senda máis o bordo.

Nas barbacás de vaos peonís (mantense a localización existente) e na sinalización e guía das paradas de bus dos puntos quilométricos 0+320 e 0+920 executarase un pavimento diferenciado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De xeito complementario á execución da senda levaranse a cabo as actuacións necesarias para a súa funcionalidade, como son a canalización das augas pluviais ou a instalación de telecomunicacións baixo a senda.

Ademais, procederase ao recuamento do refuxio existente no punto quilométrico 0+140 a unha nova posición no 0+320; ás rasantes das tapas de cámaras de rexistro e arquetas necesarias; e á execución dun chanzo, en reposición do existente, sobre o noiro do punto quilométrico 1+010.

Na intervención tamén se prevé repintar as marcas viarias existentes e, no espazo da parada do bus, na marxe dereita do punto quilométrico 0+320, pintaranse novas marcas viarias encamiñadas á reordenación do espazo. Así mesmo, tense en conta o recuamento de sinais verticais.

O Goberno galego continúa a traballar en actuacións que favorecen nos municipios os desprazamentos a pé de modo que se promove unha mobilidade máis cómoda, saudable e segura.

A actuación financiarase con cargo ao programa operativo Feder 21/27.

Zona de actuación



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 1,6 M€ PARA CREAR 14 VIVENDAS PÚBLICAS EN NARÓN NUN ESPAZO PREVISTO INICIALMENTE PARA OFICINAS

- Trátase de transformar en fogares a primeira planta dun inmovible da Xunta de Galicia situado na rúa Ponte Pielas, en Freixeiro
- Esta nova promoción pública é posible grazas ás novas medidas impulsadas polo Goberno galego para dispor de máis vivenda accesible, neste caso a través da modificación normativa para converter baixos baleiros en vivenda
- A Xunta avanza no compromiso de duplicar o parque de vivenda pública antes do remate de 2028, e acada as 8.000, que en 2030 se incrementarán ata 10.000 tal como establece o Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030

A Xunta construírá 14 vivendas de promoción pública na rúa Ponte Pielas, en Freixeiro, no concello de Narón, nun espazo previsto inicialmente para albergar oficinas.

O Consello autorizou hoxe a licitación do contrato de construción destas vivendas por importe de 1.606.500 euros, aos cales se suman os 109.989 euros polos que foi adxudicada a redacción do proxecto.

Esta nova promoción pública é posible grazas ás novas medidas impulsadas polo Goberno galego para dispor de máis vivenda accesible, neste caso a través da modificación normativa para converter baixos baleiros en vivenda.

O proxecto, redactado polo estudo López Noya Arquitectura y Urbanismo, S.L.P., prevé transformar en vivendas a primeira planta do inmovible, propiedade da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), e que estaba prevista para oficinas.

Da obra resultará unha vivenda de catro dormitorios, sete de tres, catro de dous e dúas vivendas tipo *loft* cunha estancia única.

A Xunta avanza así no compromiso de duplicar o parque de vivenda pública antes do remate de 2028 e acada as 8.000 unidades, que en 2030 se incrementarán ata 10.000 tal como establece o Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITA POR 2,2 M€ A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE 12 VIVENDAS NA RÚA REI ABDULLAH DA CORUÑA

- A parcela en que se construírán foi cedida polo Concello da Coruña
- Actualmente, a Xunta xa ten nalgunha fase de execución algo máis de 1.000 vivendas de promoción pública no concello da Coruña, cun investimento aproximado de 200 M€, financiados exclusivamente con fondos autonómicos, e 5,17 M€ da Unión Europea

A Xunta construírá 12 vivendas de promoción pública nunha parcela cedida polo Concello da Coruña na rúa Rei Abdullah, unha vez que o Executivo autonómico autorizou hoxe a licitación do contrato de construción das vivendas por importe de 2,2 M€ (2.210.213,06 €), aos que se suman os 79.376 € polos que foi adxudicada a redacción do proxecto.

O proxecto, redactado polo estudo de arquitectura Cristina Ansede Viz, prevé a construción dun edificio de baixo e seis plantas, coa seguinte distribución por plantas:

Planta baixa: portal de acceso, 12 rochos, centralizacións de contadores, cuarto de caldeiras, cuarto comunitario, cuarto de lixo e centro de transformación.

Plantas 1 á 6: unha vivenda de dous dormitorios e outra dun dormitorio en cada andar.

Actualmente, a Xunta conta con algo máis de 1.000 vivendas de promoción pública en distintas fases de construción no concello da Coruña, incluídos os 150 aloxamentos compartidos para menores de 36 anos e 168 as vivendas de Elviña, destinadas preferentemente a mozos. O investimento previsto por parte da Xunta supera os 200 M€, financiados exclusivamente con fondos da Comunidade Autónoma, e 5,17 M€ de fondos da Unión Europea.

A Xunta avanza así no compromiso de duplicar o parque de vivenda pública antes do remate de 2028 e acada as 8.000 unidades, que en 2030 se incrementarán ata 10.000 tal como establece o Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REALIZA UNHA NOVA CONVOCATORIA DOS FONDOS DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A PROMOCIÓN DE NOVA VIVENDA E A REHABILITACIÓN, DOTADOS CON 11,7 M€

- O Fondo para a Promoción de Vivenda convócase por segunda vez, xa que foi creado en 2025
- Pola súa parte, o Fondo de Rehabilitación chega á súa décima convocatoria, despois da primeira realizada en 2017
- A través de ambos os fondos xa se concederon 142 préstamos por importe de preto de 35 M€

A Xunta convoca por segundo ano o Fondo de Cooperación cos Concellos para o apoio ao financiamento da promoción de vivenda protexida de nova construción, cunha dotación de máis de 8,6 M€ (8.655.322,74 €) para 2026, ao mesmo tempo que tamén convoca o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, dotado con 3 M€ (3.044.893,20 €).

No caso do fondo para a promoción de vivenda, trátase da segunda convocatoria deste fondo, que foi creado en 2025 e que toma como modelo o Fondo de Cooperación cos Concellos para actuacións de rehabilitación, creado en 2017.

A través deste, calquera concello de Galicia pode acceder a préstamos sen xuros, para devolver no prazo máximo de oito anos, e que deberán destinar a actuacións como a promoción de vivenda protexida de nova construción, directamente ou a través doutros promotores públicos ou privados ou medidas de urbanización dirixidas ao paso dun ámbito de solo da situación de rural a urbanizado para crear, xunto coas correspondentes infraestruturas e dotacións públicas, unha ou máis parcelas aptas para a edificación ou o uso independente e conectadas funcionalmente coa rede dos servizos exixidos pola ordenación territorial e urbanística. Tamén poderán recibir este apoio para a adquisición de solo para a promoción de inmobles de nova construción para a súa cualificación como vivendas protexidas.

En 2025 concedéronse dous préstamos por un importe total de 1.344.677,26 € destinados ambos á adquisición de terreos que posteriormente os concellos destinarán a vivenda protexida.

Fondo de Rehabilitación

Por outra parte, a Xunta de Galicia tamén realizará este ano unha nova convocatoria do fondo destinado a financiar actuacións de rehabilitación. Neste caso, a axuda vai dirixida a concellos de menos de 50.000 habitantes.

Os préstamos, coas mesmas características que os do Fondo de Promoción, poderán destinarse ás actuacións promovidas polos concellos no desenvolvemento das

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

competencias que lles atribúe a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, ou a lexislación urbanística, en relación coas obrigas de conservación e rehabilitación, incluída a execución subsidiaria, por parte dos concellos, de obras de edificación ou de urbanización.

Tamén ás actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello dentro das propias políticas municipais en materia de conservación e recuperación do patrimonio construído; a medidas de urbanización de novas vías previstas no planeamento municipal para mellorar a conexión de ámbitos urbanos ou de núcleos rurais; ás actuacións de remate das edificacións non acabadas das previstas no artigo 77 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; á adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación ou á elaboración de plans especiais de protección.

Ao abeiro do Fondo de Cooperación para a Rehabilitación desde a súa creación en 2017 concedéronse 140 préstamos por un importe total de 31.686.088,48 euros.

Nos dous casos, o prazo de presentación de solicitudes comezará unha vez transcorridos cinco días hábiles desde o seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e rematará o 15 de outubro de 2026. As solicitudes poderán presentarse desde as 9.00 horas do primeiro día de inicio do prazo ata as 14.00 horas do 15 de outubro de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA INICIALMENTE O PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA DESENVOLVER SOLO EN OURENSE PARA 1.435 VIVENDAS

- Trátase do cuarto dos doce PIA que tramita a Xunta, que acada a aprobación inicial
- Unha vez aprobado, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e iniciárase un período de información pública para a presentación de alegacións por un prazo de 15 días naturais
- A previsión da Xunta é licitar a obra de urbanización no segundo semestre de 2027, co fin de iniciala en 2028
- Na actualidade están en tramitación nove proxectos de interese autonómico para a urbanización de solo para vivendas, das que máis do 80 % serán protexidas, e licitada a redacción doutros dous (María e O Porriño), e iniciáronse os trámites do de Ribadeo
- No marco da Estratexia galega de solo residencial, a Xunta prevé desenvolver solo para 25.000 vivendas, das que 20.000 serán protexidas

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe inicialmente o proxecto de interese autonómico (PIA) para desenvolver solo no ámbito do SU1 Escorial-O Vinteún, en Ourense, onde se prevén arredor de 1.435 vivendas, maioritariamente protexidas. Trátase do cuarto PIA que tramita a Xunta que acada a aprobación inicial, no marco da Estratexia galega de solo residencial que está a levar a cabo o Goberno galego. O primeiro que obtivo a aprobación inicial foi o PIA do Sagrado Corazón, en Lugo, e despois o do Ofimático, en Vigo, e o da Baiuca, en Arteixo.

O ámbito do PIA abrangue aproximadamente 134.345 m² e está situado ao norte do núcleo urbano da cidade de Ourense, completa o barrio coñecido como O Vinteún no espazo existente entre a estrada N-525, a rúa do Vinteún e a zona industrial dos Coíñas.

O sector limita co desenvolvemento existente da cidade ao norte da estación de tren.

Está situado cerca do río Miño e presenta as características topográficas dun val, é dicir, o terreo ascende cara ao noroeste á medida que se afasta da canle fluvial (situada ao suroeste). Ademais, existe unha pequena canle fluvial coñecida como Rego do Cudeiro, afluente do río Miño, que percorre o ámbito de noroeste a sueste.

A proposta de ordenación prevé aproximadamente 1.435 vivendas, das cales mais do 80 por cento serán protexidas e o resto libres. As vivendas integraranse en bloques residenciais que se desenvolverán, na súa maioría, en planta baixa e entre tres e cinco alturas, graduadas desde as zonas centrais cara aos límites do ámbito.

Tamén prevé usos terciarios distribuídos estratexicamente, para favorecer a mestura de usos e a vitalidade do barrio, así como equipamentos en varias parcelas situadas en posicións de boa accesibilidade desde as zonas residenciais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A reserva de prazas de aparcamento (342 prazas públicas, das cales dez serán reservadas para persoas con mobilidade reducida) e os espazos libres e zonas verdes superan o mínimo establecido pola normativa urbanística.

As zonas verdes distribúense de forma estratéxica, aproveitando a traza do Rego do Cudeiro como elemento vertebrador do sistema de espazos libres, favorecendo a integración paisaxística, a mellora ambiental e a conectividade peonil e ciclista co barrio do Vinteún e co Camiño de Santiago.

Estratexia galega de solo residencial

No marco da Estratexia galega de solo residencial, a Xunta de Galicia prevé desenvolver solo para 25.000 vivendas, das que 20.000 serán protexidas.

O Goberno galego ten en marcha doce proxectos de interese autonómico en once concellos.

Así, están en tramitación os PIA para desenvolver ámbitos en Pontevedra, Vigo (2), Ourense, Lugo, Arteixo, A Coruña, Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa, e licitada a redacción dos de Marín e O Porriño. Ademais, no Consello da Xunta do 2/2/2026 deuse conta do inicio da tramitación para abordar outro novo PIA, o décimo segundo, no concello de Ribadeo, onde se prevé desenvolver solo para 300 vivendas.

Contan xa con informe ambiental estratéxico os PIA da Coruña (Monte Mero), Lugo (Sagrado Corazón), Ourense (Escorial-O Vinteún), Vigo (Ofimático), Arteixo (A Baiuca-Penouqueira) e Pontevedra (San Mauro), e Santiago de Compostela (SUD 1 Mallou).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A COMPRA POR 5,9 M€ DE MATERIAL NON SANITARIO DUN SÓ USO DE LIMPEZA, ASEO E ENXOVAL CON DESTINO ÁS ÁREAS SANITARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Trátase da terceira contratación centralizada deste tipo de material, enmarcada na programación do Plan de compras do departamento sanitario galego, co fin de conseguir un aforro de 568.528 euros nos dous anos de vixencia do contrato
- Lícítanse 42 tipos de produtos integrados en 21 lotes
- Entre os produtos que se subministrarán están as esponxas xabonosas, panos faciais de celulosa, xabón, crema hidratante, toallas de celulosa, papel para padiolas, bolsas para residuos ou aceites de améndoas para masaxe

O Executivo galego autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva de material non sanitario dun só uso de limpeza, aseo e enxoval con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe de 5.919.182 euros e un período de dous anos.

O valor estimado deste contrato ascende a 13.208.092 euros, se se teñen en conta as posibles prórrogas, por un total de 36 meses.

Trátase da terceira contratación centralizada do Sergas deste tipo de material, enmarcada na programación do Plan de compras do departamento sanitario galego. Grazas a esta compra centralizada, conseguírase un aforro de 568.528 euros nos dous anos de vixencia do contrato.

Esta medida permitirá seguir coa unificación do material de uso común e repetitivo, continuando, ao mesmo tempo, o proceso iniciado de simplificación e homoxeneización naqueles casos en que os usos e destinos sexan os mesmos, e contribuíndo, deste xeito, á sostibilidade do sistema sanitario público.

No marco da contratación autorizada hoxe polo Consello da Xunta recóllese a subministración de 42 tipos de produtos integrados en 21 lotes. Entre os produtos que se mercarán están as esponxas xabonosas, panos faciais de celulosa, panos de mesa, xabón líquido, xabón para dispensador de parede, crema hidratante, toalla de celulosa, toalla de tecido non tecido, toalla de poliéster e raión viscosa, papel para padiolas, papel secamáns de bobina, papel secamáns pregado, papel hixiénico, bolsas plásticas para residuos, vasos dun só uso, enxoval de cociña ou vaixela dun só uso, luvas de fregar e aceite de améndoas para masaxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA O INICIO DA TRAMITACIÓN DA FUTURA LEI DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE PARA AFONDAR NA CIBERSEGURIDADE E NO USO DAS TECNOLOXÍAS DE AUTOMATIZACIÓN NO DIAGNÓSTICO

- Abrirase un proceso de consulta pública para recibir achegas da sociedade á redacción da norma, que tamén busca loitar contra a fenda dixital
- Destaca que o obxectivo é aproveitar as posibilidades da tecnoloxía, pero “garantindo sempre un uso seguro, ético e responsable”
- Regularanse por primeira vez todas as prestacións sanitarias non presenciais como son a monitorización remota ou as consultas virtuais
- Para garantir os dereitos da cidadanía, definirase un marco integral de exercicio dos dereitos dixitais, englobando todos os creados nas diferentes lexislacións e eliminando barreiras administrativas
- O conselleiro de Sanidade asegura que a previsión é aprobar o anteproxecto “este ano” para logo remitilo ao Parlamento
- A sanidade pública galega xa procesou máis dun millón de imaxes médicas de tórax e musculoesqueléticas mediante intelixencia artificial
- O ano pasado, a cidadanía xestionou máis de 9,3 millóns de citas de atención primaria a través de canles dixitais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anuncio hoxe o inicio da tramitación do anteproxecto de lei de transformación dixital do sistema público de saúde de Galicia “para regular o uso da tecnoloxía no ámbito sanitario e reforzar a ciberseguridade en todos os procesos”.

Tal e como explicou, o obxectivo é “incidir na aplicación cada vez maior das novas tecnoloxías na sanidade con todas as súas posibilidades” e, á vez, regular a súa utilización para garantir “un uso seguro, ético e responsable”.

A lei, segundo indicou o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, permitirá “adaptar a normativa autonómica á Estratexia de saúde dixital do sistema nacional de saúde”, ademais de basearse na innovadora Lei galega de intelixencia artificial e enmarcarse na Lei de administración dixital de Galicia. “Vai situar Galicia á vangarda a nivel normativo poñendo a tecnoloxía ao servizo das persoas e garantindo a seguridade xurídica”, indicou.

Entre as principais novidades está regular o uso das ferramentas que permiten automatizar certos diagnósticos e outros procesos clínicos, é dicir, abordar a gobernanza ética das tecnoloxías de automatización sanitarias. Establecerase un marco de goberno que garanta a privacidade e a ética no uso das tecnoloxías de automatización no diagnóstico (algoritmos de intelixencia artificial, tecnoloxías de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

automatización robótica de procesos, aparellos da internet das cousas no ámbito médico, etc.).

Hoxe en día, tal e como resaltou Rueda, xa se procesaron 1.000.000 de imaxes médicas mediante intelixencia artificial nos ámbitos de urxencias e de atención primaria (imaxes de tórax e músculoesqueléticas) no Servizo Galego de Saúde.

Afondarase tamén na ciberseguridade e protección de datos, coa asignación de responsabilidades, tanto desde o punto de vista do Regulamento xeral de protección de datos como da normativa de ciberseguridade.

Outra das medidas previstas é consolidar un acceso seguro e interoperable aos datos médicos en todos os niveis asistenciais, a través da historia clínica electrónica que no Servizo Galego de Saúde, a diferenza doutros sistemas sanitarios, é única tanto para a atención primaria como para a hospitalaria, e tamén accesible en calquera área sanitaria.

No mesmo sentido de regular a información sanitaria definirase legalmente todo o conxunto de datos, servizos e infraestruturas hardware e software que, xunto coa historia clínica única, constitúen o sistema de información e que abrangue a xestión dos datos demográficos, de profesionais, de loxística e a xestión das infraestruturas sanitarias.

Por primeira vez regularanse todas as prestacións sanitarias non presenciais como servizos estándar nun único marco de atención sanitaria dixital. Nesta epígrafe recóllense consultas virtuais ou a monitorización remota de pacientes.

De forma pioneira, regularase o patrimonio dixital sanitario e o seu mecanismo de xestión, para configuralo como unha ferramenta de posta en valor de todos os elementos intanxibles que constitúen o sistema de información de saúde de Galicia.

Na actualización continua dos recursos humanos da sanidade pública, dotaranse dun marco específico as profesións de transformación dixital e incluíranse os circuitos formativos para a adaptación do resto de profesións sanitarias.

Para garantir os dereitos da cidadanía, definirase un marco integral de exercicio dos dereitos dixitais, que englobe todos os creados nas diferentes lexislacións e “elimine barreiras administrativas”, indicou o conselleiro. Loitarase tamén contra a fenda dixital, co fin de asegurar que a tecnoloxía sexa inclusiva e accesible para colectivos vulnerables ou residentes en zonas rurais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A aplicación Sergas Móbil estende o seu uso entre a cidadanía ano a ano. Mostra diso é o número de citas de atención primaria xestionadas a través de canles dixitais que se incrementou de 2.301.637 en 2021 ata 9.394.907 en 2025.

Ademais, definiranse as ferramentas de planificación, avaliación e seguimento, xunto cos mecanismos de rendemento de contas e transparencia neste ámbito. Entre outras accións crearase o Consello Asesor de Transformación Dixital.

Co obxectivo de cumprir estes obxectivos, a Xunta abrirá nos vindeiros días o trámite de consulta pública no Portal de transparencia e goberno aberto, onde a sociedade galega poderá facer achegas á lei. Posteriormente elaborarse o anteproxecto coa participación de colexios profesionais, expertos tecnolóxicos e asociacións de pacientes. O conselleiro de Sanidade asegurou que a previsión é "aprobar o anteproxecto da lei este ano para remitilo ao Parlamento".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA IMPULSA A CREACIÓN DA PRIMEIRA CÁTEDRA DE XESTIÓN CULTURAL ESPECIALIZADA EN PATRIMONIO

- O Consello dá luz verde ao convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para a súa posta en marcha no Campus de Lugo, que imparte un grao nesta materia
- O Goberno galego achega 50.000 euros distribuídos en dúas anualidades para accións vencelladas á preservación e á posta en valor de bens patrimoniais
- A proposta servirá para realizar actividades de formación e investigación, así como incentivar a colaboración entre o persoal investigador, profesorado e profesionais da xestión cultural e patrimonial

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para a posta en marcha da primeira cátedra institucional de xestión cultural, especializada en patrimonio, que se impartirá na Facultade de Humanidades do Campus de Lugo, onde xa se existe un grao universitario nesta materia.

Para a súa creación, o Goberno galego alcanzará 50.000 euros distribuídos en dúas anualidades, repartidos en 25.000 euros para a de 2026 e a mesma cantidade para a de 2027. Deste xeito colabórase coa Universidade de Santiago na creación deste proxecto académico que prestará especial atención á xestión patrimonial, a través da investigación e da innovación, pero tamén fomentando a difusión, valorización e transmisión ás xeracións futuras destes bens a prol dunha mellor protección e conservación destes.

Con este fin, a cátedra institucional de xestión cultural centrarase de xeito específico en potenciar o sector da cultura na sociedade lucense e, por extensión, en toda a Comunidade, tanto na súa vertente social como formativa e económica. De igual xeito, terán entre as súas finalidades detectar as posibles fortalezas e debilidades das industrias culturais en Galicia.

Participación de expertos de renome internacional

Ademais, levará a cabo estudos culturais de carácter internacional, nacional, autonómico e local coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento da cultura e da xestión do patrimonio cultural. Da mesma forma, propondrá políticas culturais e de salvagarda do patrimonio cultural, adaptadas á realidade actual.

Finalmente, a cátedra procurará a colaboración entre o persoal investigador da Universidade de Santiago de Compostela con expertos de renome internacional, do eido da educación ou da investigación, e tamén con xestores culturais e patrimoniais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

I Premio de investigación Ana Goy Diz

A cátedra institucional de xestión cultural botará a andar no curso 2026/27 e conta xa con actividades deseñadas para o seu programa curricular, entre as cales se atopa a convocatoria do I Premio de investigación en xestión cultural Ana Goy Diz, en homenaxe á primeira catedrática de historia da arte no Campus de Lugo e representante en Galicia do Icomos. Este certame terá por obxecto contribuír á promoción da investigación e innovación, así como á divulgación e transferencia de coñecementos no sector cultural e do patrimonio cultural.

Cómpre salientar que este convenio do Goberno galego coa Universidade de Santiago de Compostela se realiza ao abeiro do Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Esta iniciativa inclúe medidas para a difusión dos traballos realizados para a preservación e incremento dos bens, accións de análise e investigación, organización e participación en cursos e congresos, e o desenvolvemento de accións e actividades nun marco educativo que introduza aspectos relacionados co patrimonio cultural.

Pola súa banda, a Universidade de Santiago de Compostela facilitará os medios materiais e instalacións necesarias para o correcto desenvolvemento da cátedra, e contará como órgano unipersoal cun ou cunha directora, responsable da execución do programa de actividades. Ademais, terá unha comisión mixta de seguimento que se reunirá, como mínimo, unha vez ao ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA AVANZA NOS OBXECTIVOS DA NORMATIVA MARCO SOBRE CONTAMINACIÓN ACÚSTICA E CONSOLIDA A REDUCCIÓN DO RUÍDO AMBIENTAL RESPECTO AOS DATOS HISTÓRICOS

- O último informe sobre a situación acústica en Galicia durante 2024 constata unha mellora nos valores a nivel global, en liña coa tendencia positiva dos últimos anos
- A Comunidade foi pioneira na regulación relativa ao ruído e conta na actualidade cunha completa rede de observación composta por 10 estacións con sonómetro que ofrecen unha visión representativa da situación dunha cidade tipo galega
- As competencias na loita contra este tipo de contaminación son principalmente municipais mentres que a Xunta de Galicia asume a responsabilidade da información ambiental

Galicia segue avanzando no cumprimento dos obxectivos e das exigencias fixadas pola normativa sectorial vixente en materia de contaminación acústica, e consolida a redución dos niveis de ruído ambiental a que se expón a poboación en comparación cos datos rexistrados nos últimos anos nas estacións de observación da Xunta.

Esta é a principal conclusión do último informe anual elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre a situación acústica na Comunidade, que contén os resultados da avaliación do ruído ambiental na rede autonómica para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

A análise realizada, da que foi informado hoxe o Consello, reflicte que os valores acadados nas estacións urbanas repartidas polo territorio sufriron diminucións e aumentos respecto da serie histórica dispoñible, pero dentro das desviacións esperadas. Por iso, a conclusión é que o estado global da calidade acústica se mantén aceptable, observando incluso unha lixeira mellora nos valores históricos de ruído.

Entre os casos máis destacados cómpre indicar as melloras detectadas na estación de Campolongo, na cidade de Pontevedra, e, sobre todo, na de Riazor (A Coruña), con diminucións en todos os índices analizados. O resto de estacións acadan valores iguais aos históricos, coa excepción da localizada no Campus de Santiago, onde se detecta un empeoramento atribuíble, en todo caso, a fenómenos meteorolóxicos puntuais.

Dos resultados obtidos constátase, ademais, que o tráfico (que é unha fonte de ruído de carácter continuo e que sobre todo se dá en horario diúrno e de tarde) e o lecer (máis explosivo e concentrado principalmente no período nocturno) seguen sendo, igual que historicamente, os principais axentes humanos da contaminación acústica en Galicia.

En todo caso, tamén se analiza a incidencia nos niveis de ruído de fenómenos de orixe meteorolóxica (chuvia, vento, raios...) que poden chegar a ter unha influencia destacada nalgunhas zonas, e outras fontes antrópicas, como obras e actividades produtivas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia foi unha das comunidades pioneiras na regulación da contaminación acústica, unha notable achega para o impulso de políticas de sensibilización neste eido de cara a promover as medidas normativas que deben ir incorporando as administracións locais.

Ademais, a Xunta conta cunha rede de ruído, englobada e integrada dentro das estacións da Rede de calidade do aire de Galicia, que consta actualmente de 10 estacións con sonómetro de titularidade pública (nove urbanas e unha da contorna rural): As Eiras (Laza), avenida Fingoi (Lugo), Campolongo (Pontevedra), campus universitario e San Caetano (ambas en Santiago de Compostela), Coia (Vigo), estación de autobús e tren (Ourense), parque Raíña Sofía (Ferrol), Riazor (A Coruña) e rúa 9 (Lalín).

Esta rede supón un fito a nivel autonómico, xa que permite analizar distintas zonas de cada unha das urbes da Comunidade e resultan así localizacións con diferentes características que en conxunto serían representativas dunha cidade tipo de Galicia, de xeito que se poida aproximar a súa situación acústica.

Segundo a tipoloxía da principal fonte de emisión do ruído, as estacións poden ser de tráfico e de fondo, localizadas no primeiro caso na contorna urbana con estradas de considerable densidade de tráfico e, no segundo, en lugares onde esta é moito menor ou incluso depreciable (contorna rural). Os sonómetros recollen valores cada 10 minutos e, a partir de aí, calcúlanse os correspondentes aos índices diarios e anuais.

O ruído, unha alteración ambiental preocupante

O ruído ambiental vén determinado por índices de nivel de presión sonora que se definen segundo o período do día (diúrno, de tarde e de noite), e por rangos estatísticos. A contaminación acústica é unha das alteracións ambientais que máis preocupación social produce porque repercute na calidade de vida da poboación, e pode chegar a causar diversos trastornos de saúde nas persoas expostas a ela e con efectos que supoñen un gasto socioeconómico importante.

Cómpre lembrar que a aplicación da lexislación sectorial relacionada coa loita contra a contaminación acústica é maioritariamente competencia dos concellos, sendo responsabilidade autonómica a información ambiental. Nesta obriga de carácter autonómico enmárcase, precisamente, a elaboración desde 2012 do informe anual que hoxe coñeceu o Consello da Xunta de Galicia, actuacións lexislativas e de zonificación e iniciativas de sensibilización para avanzar na prevención e no control neste eido, con charlas formativas e cursos dirixidos a diferentes colectivos (Policía local, persoal municipal e autonómico, estudantes...).

Neste sentido, en 2018, a Xunta aprobou un modelo de ordenanza tipo para facilitarlles tecnicamente aos concellos o exercicio das súas competencias en materia de ruído, en concreto, no que se refire á tramitación e aprobación dun marco regulador propio sobre o modo de previr, vixiar e reducir a contaminación acústica nos seus respectivos municipios, evitando danos para a saúde humana, os bens ou o ambiente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A redución do tráfico e a regulación da velocidade de circulación, a promoción de medios de transporte pouco contaminantes, un bo asfalto, a implantación de barreiras acústicas e zonas verdes e o compromiso social e normativo son as principais medidas de protección fronte ao ruído, xa que melloran a calidade de vida e garanten progreso social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 472.000 € NA REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLO INCENDIO NO COLEXIO PLURILINGÜE DE TENORIO

- A Consellería de Educación decidiu declarar a emerxencia para poder contratar canto antes os traballos, recuperando a actividade lectiva en só oito días
- Prevese que todas as instalacións do centro estean de novo operativas no mes de maio

A Xunta de Galicia está a executar obras de reparación dos danos causados polo incendio no Colexio Plurilingüe de Tenorio (Cerdedo-Cotobade) por un importe de 472.000 €. O Consello de Goberno foi informado hoxe, seguindo a normativa vixente, da contratación desta actuación polo procedemento de emerxencia, dando unha resposta áxil e eficaz a este suceso, acontecido o pasado 11 de febreiro. De feito, a actividade lectiva recuperouse só oito días despois, o 19 de febreiro, aproveitando para traballar tanto a fin de semana como os días de vacacións de Entroido. É dicir, só se perderon dúas xornadas lectivas.

O lume tivo orixe na batería eléctrica dunha máquina cortacésped gardada nun almacén próximo á zona de cociña e comedor e afectou principalmente esa zona e varios espazos do centro educativo. Entre os principais danos cómpre destacar a contaminación por fume, ademais dos estragos en revestimentos, falsos teitos e instalacións. Logo da análise dos técnicos, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional decidiu declarar a emerxencia para poder contratar canto antes os traballos e recuperar as clases no centro no menor tempo posible.

As actuacións xa rematadas abrangueron a limpeza profunda das estancias afectadas por parte dunha empresa especializada. Tamén aplicou tratamentos con ozono para eliminar o cheiro a queimado e os restos de fume e o seu persoal acreditado expediu un informe de descontaminación e bromatolóxico, garantindo a efectividade dos traballos realizados.

Tamén se acometeu a revisión da instalación eléctrica, así como a retirada de entullos, falsos teitos, canalización e demais elementos danados polo lume. A maiores, contratouse un servizo de catering provisional (cuxo orzamento está tamén incluído nos devanditos 472.000 €), ata que se poida recuperar o uso da cociña e do comedor.

Neste momento están en marcha o resto de traballos de reforma e reconstrución, que inclúen, por exemplo, a limpeza en profundidade e a revisión da cociña e do comedor, o cambio da instalación eléctrica nas zonas máis afectadas, a reposición de falsos teitos e diversos traballos de albanelaría. A previsión é que ao longo do mes de marzo se poida ir retomando o uso do comedor e da cociña. A recuperación do almacén en que se orixinou

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o lume estenderase ata o mes de maio, así como a recuperación dos falsos teitos da biblioteca e do Polo Creativo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA LIDERARÁ UN VAL ESPECIALIZADO EN CUÁNTICA CON NOVE PAÍSES E 14,3 M€, CO APOIO DA COMISIÓN EUROPEA

- Rueda salienta que “Galicia está a posicionarse como referente europeo” nesta materia
- A Xunta de Galicia logra un novo proxecto en materia de I+G+i, do que ata agora só existían cinco en toda Europa, e encargárase de coordinar unha vintena de socios
- Desenvolverase durante catro anos, nos cales as rexións implicadas compartirán capacidades e convocarán liñas para apoiar *startups*, pemes e centros de innovación
- O obxectivo é contribuír á soberanía tecnolóxica de Europa, acelerar a transformación de coñecemento ao mercado e mellorar a formación de profesionais de alto nivel
- Galicia contará con 3 M€ para “apoiar a pemes e centros de coñecemento no desenvolvemento de tecnoloxías cuánticas” e lanzar axudas para probar estas ferramentas “en contornas reais”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que “Galicia vai liderar un val especializado en tecnoloxía cuántica no que participarán nove países europeos” e que contará cun investimento de 14,3 millóns de euros. O titular do Goberno autonómico lembrou que a comunidade “está a posicionarse como referente europeo” neste eido e asegurou que o feito de que Galicia lidere un proxecto “nunha materia con tanto futuro é un reflexo da boa saúde da I+G+i galega”.

A Comisión Europea acaba de conceder un novo proxecto de cuántica polo que a nosa Comunidade vai liderar un val de innovación, é dicir, unha iniciativa de colaboración entre rexións que destacan pola súa capacidade neste ámbito e que, grazas a este val, van conectalas para facer novos desenvolvementos e incrementar a soberanía da Unión Europea.

A iniciativa céntrase en conectar ecosistemas rexionais de innovación en Europa a través da cooperación entre rexións líderes e emerxentes, aproveitando as fortalezas das primeiras para impulsar a innovación en áreas estratéxicas, especialmente en tecnoloxías avanzadas, e reforzar a transferencia de coñecemento ao mercado.

A Xunta de Galicia decidiu optar a esta convocatoria, denominada Ecosistemas Europeos de Innovación, consciente das fortalezas nun eido emerxente en que a nosa Comunidade se está situando con forza no panorama internacional. O resultado é esta resolución favorable malia que ata agora só existían cinco vales de innovación en toda a UE.

O proxecto, coordinado desde a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, leva por nome EQUIVALEMT (*European Quantum Innovation Valleys as Strategic Emerging Technology*) e terá unha duración de algo máis de catro anos, en concreto de 50 meses. A Comisión Europa achegará o 50 % do financiamento necesario, mentres que as rexións implicadas completarán a outra metade. En total, o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

val de innovación cuántico estará formado por 19 socios de nove países: España (representado en exclusiva por Galicia), Italia, Portugal, Países Baixos, Finlandia, Francia, Reino Unido, Francia e Romanía.

Ámbito clave para o futuro

O obxectivo é que o val rexional de innovación liderado por Galicia contribúa á soberanía tecnolóxica de Europa, fortalecendo a posición comunitaria nun ámbito clave para o futuro. Neste sentido, búscase acelerar a transferencia de coñecemento ao mercado e á sociedade, impulsar o crecemento de empresas de base científico-tecnolóxica e mellorar a formación do capital humano, facilitando que haxa profesionais cualificados.

Os vales de innovación cuántica funcionan como espazos de colaboración en que as administracións públicas, os centros de investigación e empresas, entre outros axentes, traballan para compartir coñecemento e infraestruturas, desenvolver cadeas de valor, impulsar talento e capacidades tecnolóxicas, e crear diversas solucións innovadoras.

Probar tecnoloxías en contornas reais

Rueda explicou que, no caso de Galicia, este proxecto implicará “un investimento de 3 millóns de euros”, que permitirá apoiar proxectos de *startups*, pemes e centros de coñecemento a través de convocatorias competitivas abertas “para desenvolver tecnolóxicas cuánticas”. En concreto, está previsto o lanzamento de tres liñas de axudas “que permitirán probar tecnoloxías en contornas reais” e acelerar deste xeito a súa adopción na industria.

Ademais destas liñas de axudas, prevense actuacións encamiñadas a desenvolver o ecosistema cuántico europeo a través de tarefas de avaliación e análises, da cooperación entre rexións, da formación e o desenvolvemento de talento, apoio a *startups* e cadeas de valor tecnolóxicas e a elaboración de recomendacións de política pública.

Os 19 socios que integran o Consorcio do Val de Innovación Cuántica son axencias rexionais, centros de investigación, universidades, clústeres industriais e empresas tecnolóxicas. En concreto, conforman o grupo a Xunta de Galicia (entidade líder), a través da Axencia Galega de Innovación, e o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), en representación de España; por Italia, a Regione Emilia-Romagna, o Clust-ER Innovazione nei Servizi, Politecnico di Milano e Orthokey Italia; por Portugal, a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N) e o International Iberian Nanotechnology Laboratory (INL); por Finlandia, o TU Delft; dos Países Baixos, a Business Tampere e a Tampere University; de Francia, a Région Île-de-France, o CEA (Commissariat à l'énergie atomique), Teratec e Systematic Paris Region; polo Reino Unido, o Welsh Government; por Romanía, a Regional Development Agency West Romania (ADR) e a Euro Atlantic Diplomacy Society, e de Austria, o DCS Computing.

Impulso a un eido estratéxico

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia está a emerxer nos últimos anos como un referente das tecnoloxías cuánticas en Europa grazas á colaboración entre a Xunta de Galicia, as universidades, os centros da I+D+i, as empresas.

De feito, o Executivo autonómico establéceo no Plan galego de investigación e innovación 25-27 como un ámbito prioritario debido ao seu potencial para impulsar unha transformación e impacto profundos na economía e na sociedade galega.

Entre as actuacións promovidas neste eido destaca a instalación no Cesga do primeiro computador cuántico de España en 2023, o QMIO, cuxa capacidade se incrementará proximamente coa incorporación dun novo ordenador nas novas instalacións do Cesga, un proxecto que se desenvolve grazas á consecución de fondos comunitarios, igual que a futura fábrica europea de intelixencia artificial que operará neste mesmo espazo.

Ademais, Galicia puxo en funcionamento o pasado ano a liña de comunicación cuántica máis longa de España, que une Santiago de Compostela e Vigo, desde o Cesga ata o Quantum Communication Centre (VQCC), un centro da Universidade de Vigo. Así mesmo, recentemente, o Consello aprobou a creación de dous laboratorios compartidos entre o Cesga e o VQCC, e o Cesga e o IGFAE (Instituto Galego de Física de Altas Enerxías), un centro mixto da Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O ENDEBEDAMENTO DOS CONCELLOS DA COMUNIDADE GALEGA SITÚASE 17 PUNTOS POR DEBAIXO DA MEDIA NACIONAL

- En termos de *débeda per capita*, o endebedamento é de 110 euros por habitante en Galicia, fronte aos 364 euros da media nacional
- A achega financeira da Xunta aos municipios galegos é tres puntos superior á do Goberno central coas entidades locais do Estado

O Goberno galego destaca que o endebedamento dos concellos da Comunidade se sitúa moi por baixo da media nacional, calquera que sexa o indicador que se tome como referencia. Así se desprende do informe sobre a situación financeira dos concellos galegos en comparación coa media de España no ano 2024, presentado hoxe pola Consellería de Facenda e Administración Pública no Consello de Goberno.

A ratio de *débeda sobre ingresos correntes*, que se utiliza a efectos de autorizacións das operacións de crédito, sitúase en Galicia no 10 %, fronte ao 27 % da media en España, sendo así 17 puntos porcentuais menor na Comunidade galega. En termos de *débeda per capita*, o endebedamento é de 110 euros por habitante en Galicia fronte aos 364 euros no caso da media nacional, o que sitúa os concellos galegos cun endebedamento un 70 % inferior á media.

Ingresos

Xunto cos tributos, a principal fonte de financiamento das entidades locais son os ingresos procedentes das transferencias recibidas tanto do Estado como das comunidades autónomas. A achega da Xunta aos municipios é do 27 %, tres puntos superior á media nacional. Pola súa banda, as achegas da Administración xeral do Estado representan un 52 %, fronte ao 57 % de media no resto de España.

O ingreso medio por habitante nos concellos galegos sitúase en 1.218 €, fronte aos 1.470 € do resto do Estado. Esta diferenza débese a unha menor presión fiscal, que en Galicia é un 26 % inferior á media nacional; 551 € fronte aos 744 € de España.

Investimento

A suspensión das regras fiscais por mor da pandemia provocou un significativo descenso tanto do aforro neto como do remanente de tesouraría dos concellos, tanto a nivel estatal como en Galicia, que remonta no 2024 coincidindo coa volta á vixencia destas regras fiscais.

A pesar do descenso dos últimos anos, o remanente de tesouraría nos concellos galegos segue a ser 3 puntos porcentuais superior á media nacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En Galicia, os concellos dedican a investimento unha maior porcentaxe do seu orzamento que a media dos municipios de España. Isto vese reflectido no indicador de esforzo investidor, que en Galicia é 2 puntos superior á media española.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONTRATA POR MÁIS DE 3,5 M€ A RENOVACIÓN DO FIRME EN 10 ESTRADAS AUTONÓMICAS AO SEU PASO POR SETE CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA

- Trátase de intervir nas estradas VG-1.3, AC-161, AC-162, AC-163, AC-164, AC-173, AC-183, AC-230, AC-408 E AC-409, ao seu paso polos concellos de Bergondo, Betanzos, Oleiros, Sada, Ordes, Cerceda e Oza-Cesuras
- As obras licitaranse neste primeiro semestre, tendo como obxectivo mellorar as características funcionais e a seguridade viaria en distintos treitos destas vías autonómicas, que suman en total algo máis de 28,6 quilómetros de lonxitude
- A Xunta continúa a apostar pola mellora das características da rede actual de estradas da súa titularidade, supoñendo un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria
- O Goberno galego acada de novo o récord histórico en investimento en conservación de estradas da rede autonómica neste 2026, con 71,6 M€

O Consello da Xunta acaba de darlle luz verde á licitación das obras de reforzo do firme nas estradas de titularidade autonómica VG-1.3, AC-161, AC-162, AC-163, AC-164, AC-173, AC-183, AC-230, AC-408 e AC-409, ao seu paso polos concellos de Bergondo, Betanzos, Oleiros, Sada, Ordes, Cerceda e Oza-Cesuras.

As actuacións, que suporán un investimento autonómico de máis de 3,5 M€ (3.539.798,78 €), teñen como obxecto a rehabilitación da capa de rodaxe para mellorar as condicións de circulación nos distintos treitos destas estradas.

O obxectivo é mellorar as características funcionais das estradas da Xunta e a seguridade viaria nos distintos treitos, para o que a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, as obras precisas. O prazo de execución das obras é de catro meses.

Os traballos permitirán a rehabilitación do firme nos distintos treitos destas dez vías de titularidade da Xunta, con distintas actuacións, restaurando as características do pavimento e adecuando as súas necesidades funcionais e de durabilidade.

En concreto, as actuacións de reforzo do firme levaranse a cabo nos seguintes treitos das vías da Xunta: na AC-161 (do punto quilométrico 0+000 ao 0+800), na AC-162 (do quilómetro 0+980 ao 4+390), na AC-163 (do 1+840 ao 5+880), na estrada AC-164 (do 3+900 ao 5+350), na AC-173 (do 4+460 ao 9+350), na AC-183 (do 0+720 ao 6+580), na estrada AC-230 (do 6+020 ao 8+060), na AC-408 (do 0+250 ao 2+100), na AC-409 (do 8+000 ao 9+100), e na VG-1.3 (do punto quilométrico 0+010 ao 3+200) e dous accesos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En total, os treitos das dez estradas en que se prevé actuar suman algo máis de 28,6 quilómetros de lonxitude.

Ademais, baixo este contrato, inclúense outras actuacións como son a mellora da drenaxe na estrada AC-163, entre os puntos quilométricos 2+680 e 3+373; e na VG-1.3 Veigue (AC-163)-O Castelo (AG-13), entre os puntos 1+414 e 1+480.

Tamén se prevé o peche perimetral, desde a intersección da VG-1.3 coa AC-163, ata a intersección coa AC-183, e renovarase varios treitos de valado perimetral con malla.

Todas as actuacións de mellora de firme incluírán ademais a reposición da sinalización horizontal.


O Departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia segue a traballar e a apostar tamén pola mellora das características da rede actual de estradas de titularidade autonómica, supoñendo un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria.

O Goberno galego segue a traballar e a apostar tamén pola mellora das características da rede actual de estradas de titularidade autonómica, supoñendo un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria.

A Xunta acada de novo o récord histórico en investimento en conservación de estradas da rede autonómica en 2026, con 71,6 M€.

Plano de situación das estradas de titularidade da Xunta en que se intervirá:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVALA CON 20 M€ MÁIS O ÉXITO DAS REDESEÑADAS ACCIÓNS FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS CO FIN DE APOIAR OS MÁIS DE 700 CURSOS SOLICITADOS EN SÓ DOUS MESES

- O Consello de Goberno coñeceu a ampliación ata os 60 M€ da Orde AFD 2026-2027, que —co prazo de solicitude aberto ata o 30 de novembro— xa concedeu axudas para 495 graos dirixidos a máis de 7.400 persoas, coa previsión de superar agora as 10.700
- Dentro da renovación integral das políticas activas de emprego, a suba orzamentaria permitirá impartir 109 accións modulables distintas en 75 concellos, con formación dual obrigatoria nas de maior duración dun mínimo do 25 % en contornas laborais
- Por temáticas, destacan as do eido administrativo, atención sociosanitaria e docencia, e as relativas á loxística, sector do metal, comercio ou hostalaría, con compromisos de participación mínimos que garanten atención ás necesidades reais das empresas
- Como novidade, quen remate unha formación poderá acceder a outra de nivel superior sen ter que esperar á expedición do certificado profesional da acción formativa previa, igual que aquelas persoas pendentes da homologación dun título estranxeiro
- A convocatoria complétase con outras deste ano como o programa Galicia Suma Talento: Emprégate (19,7 M€), que inclúe incentivos á contratación daquelas persoas que nos últimos dous anos remataran —entre outras— accións AFD

O Consello da Xunta confirmou hoxe o éxito do redeseño das accións formativas para persoas desempregadas (AFD) ao ter coñecemento da ampliación de crédito inicial dos 40 aos 60 M€ da convocatoria 2026-2027, co obxecto de apoiar as solicitudes presentadas en só dous meses por 200 entidades para impartir en 75 concellos un total de 714 cursos dirixidos a máis de 10.700 persoas. Na espera de que se publique o aumento de orzamento esta semana no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e co prazo aínda aberto deica o 30 de novembro para acoller máis solicitudes, ata o de agora concedéronse achegas para desenvolver 495 accións AFD destinadas a máis de 7.400 persoas, das que xa se iniciaron case un terzo co gallo de dar resposta rápida e eficaz ás demandas do mercado laboral.

Orientados á adquisición e mellora de competencias a través de formacións totais ou parciais incluídas en certificados profesionais, grazas á ampliación de crédito poderán impartirse un total de 109 graos diferentes, entre os que destacan os do eido administrativo, atención sociosanitaria e docencia, así como os relativos á loxística, sector do metal, ao comercio ou á hostalaría. Tendo en conta que para cada acción se presentou o compromiso previo exixido ás entidades formativas dun mínimo do 30 % do alumnado, garántese a plena adecuación á realidade do tecido produtivo, e confírmase que as empresas logran canalizar as súas necesidades concretas de capacitación e man de obra a través de centros acreditados de xeito áxil e efectivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Detalles da convocatoria

Logo da remodelación completa da orde de 2025 que xa ten iniciado máis do 93 % dos cursos a que se concedeu apoio, a convocatoria 2026-2027 consolida o modelo e garante unha oferta formativa dispoñible durante practicamente todo o ano co fin de axustarse en tempo real ás demandas das persoas traballadoras e do tecido produtivo. Introduce ademais novas medidas e flexibiliza os requisitos para participar nas accións. Así, as persoas que rematen unha formación poderán acceder a outra de nivel superior sen ter que esperar á expedición do certificado profesional da acción formativa anterior, igual que aquelas que estean pendentes da homologación dun título estranxeiro.

Para as persoas desempregadas, esta liña de axudas supón a oportunidade de acceder a accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C, con opcións flexibles de incorporación ao mercado laboral. Así, a convocatoria permite modular a capacitación e reducir o tempo de formación, incluíndo graos B (200-300 h) e C (600-1.000 h) e, como novidade desde o ano pasado, microformacións de grao A (30-40 h), no marco dun modelo máis eficaz, dinámico e adaptado tanto ás persoas como ás empresas.

Máis aló dos compromisos mínimos de alumnado exixidos xa mencionados, os programas de grao C manteñen a formación dual obrigatoria, que require que polo menos o 25 % das horas se desenvolvan en contornas reais de traballo, reforzando a utilidade práctica da aprendizaxe. Tamén continuará impulsándose o papel das oficinas de emprego na identificación das necesidades formativas por sectores e territorios, propoñendo itinerarios aos candidatos coa axuda de ferramentas como EMi.

A concesión das axudas é en réxime de concorrência non competitiva e os cursos están dirixidos preferentemente a persoas desempregadas, aínda que se permite a participación de persoas ocupadas ata un 30 % das prazas, sempre que non se cubran con persoas sen traballo.

Peche do círculo de empregabilidade

No marco da renovación integral das políticas activas de emprego, a Xunta ten xa en vigor o decreto pioneiro en España para regular as microcredenciais no ámbito da formación para o emprego, que lles permitirá ás empresas deseñar e impartir formación curta e certificada á medida. Ademais, a convocatoria redeseñada tratada hoxe no Consello complétase con outras ordes estratéxicas en 2026 como o programa Galicia Suma Talento: Emprégate (19,7M€) que, por primeira vez, inclúe incentivos á contratación das persoas desempregadas que nos últimos dous anos remataran accións AFD, obradoiros de emprego ou programas integrados de emprego. Deste xeito, proporciónaselles ás persoas que rematen con éxito estas iniciativas impulsadas pola Xunta un peto de cartos públicos —materializados na formación recibida e nos apoios á contratación— co obxecto de facilitar a súa entrada e consolidación nas empresas galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA A CIFRA RÉCORD DE 407 M€ DE FONDOS AGRARIOS EUROPEOS QUE A XUNTA MOBILIZOU EN 2025 PARA MELLORAR O RURAL GALEGO

- Sinala que estes fondos son “fundamentais para manter e modernizar o noso agro e mellorar a calidade de vida no rural”, polo que reclama unha nova PAC forte e con dotación suficiente
- Do total dos fondos, uns 184 M€ corresponden a axudas directas e están financiados co Feaga, e os restantes 222 millóns correspóndense con partidas para promover o desenvolvemento rural e están cofinanciados polo Feader, ademais das achegas do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e da propia Xunta
- No pasado ano financeiro, Galicia saíu reforzada cun incremento do 5% dos pagamentos directos da PAC e cunha suba de ata o 23% nas axudas ao desenvolvemento rural
- Por outra banda, máis de 200 agricultores e gandeiros galegos recibiron máis de medio millón de euros da reserva nacional da PAC da campaña de 2025

As axudas provenientes dos fondos agrarios europeos da Política Agraria Común (PAC) que xestiona a Xunta acadaron durante o ano financeiro 2025 unha “cifra récord de 407 millóns de euros mobilizados”, que son “fundamentais para manter e modernizar o noso agro e mellorar a calidade de vida no rural”. Así o destacou hoxe o presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, tras analizar o Consello dous informes da Consellería do Medio Rural vinculados coa xestión da Política Agraria Común (PAC) en Galicia.

En relación co primeiro, correspondente ao total dos fondos agrarios da PAC, cómpre sinalar que, deses máis de 400 millóns de euros, uns 184 corresponden a axudas directas (o primeiro pilar) e están financiados co Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (Feaga). Os restantes 222 millóns son fondos para promover o desenvolvemento rural (segundo pilar) e están cofinanciados polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), xunto coas achegas do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a propia Xunta de Galicia.

No que atinxe aos importes do primeiro pilar, a meirande parte (175,4 M€) refírese aos pagamentos directos da PAC, que “beneficiaron uns 22.000 agricultores e gandeiros galegos”. Hai que subliñar que, coa activación do Plan estratéxico da PAC (Pepac) -logo da fin do período de programación anterior e o cambio ao novo-, Galicia saíu reforzada nestas axudas e veu incrementada esta achega en máis dun 5% respecto do período anterior. O incremento respecto do ano anterior, tal e como apuntou Rueda, foi aínda superior no que ten que ver co segundo pilar, o de desenvolvemento rural, xa que se situou no 23 %.

Axudas directas e para o desenvolvemento rural de xeito integral

En conxunto, os devanditos 407 millóns de euros dos fondos europeos permitiron, por medio da chamada solicitude única, suplementar os 174,6 millóns de ingresos directos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aos beneficiarios do primeiro piar mediante dúas accións que forman parte do fondo Feader, como son as axudas agroambientais (28,2 M€) e as axudas ás zonas con limitacións naturais (17,3 M€). É dicir, falamos dos apoios á produción ecolóxica, á conservación de recursos xenéticos ou aos cultivos sostíbeis extensivos e tamén ao fomento de pastos e a axuda complementaria en zonas con presenza de grandes carnívoros, por poñer uns exemplos.

Ao tempo, e á marxe das axudas da solicitude única, os fondos favoreceron o desenvolvemento rural en ámbitos como "a remuda xeracional no agro, o apoio á modernización das explotacións ou o mantemento dos certificados de calidade", así como o fomento da ordenación do territorio -por medio de figuras como as parcelarias ou o banco de terras-, as axudas á mellora da produtividade da industria ou as medidas relacionadas coa creación e conservación de réximes de calidade como denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas. Estas partidas tamén financian aspectos como a conservación do patrimonio natural, a promoción da xestión sostíbeil dos recursos naturais, o impulso ao asesoramento e á formación, o apoio aos organizacións de produtores ou a mellora da calidade de vida da poboación.

Repartición da reserva nacional

O segundo informe do que tomou razón hoxe o Consello sobre a PAC tamén reflicte que un total de 208 agricultores e gandeiros galegos beneficiáronse da repartición dos dereitos de axuda básica da reserva nacional da política agraria común correspondentes á campaña de 2025.

Recibiron, en conxunto, un importe de 624.494,83 euros por unha superficie de 7.756,74 hectáreas. A Xunta, que xestiona estas subvencións a través do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), adscrito á Consellería do Medio Rural, fará pública a vindeira semana as resolucións relativas á asignación de dereitos destas achegas mediante a súa inclusión no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do 17 de marzo.

No informe explícanse, ademais, diferentes aspectos relacionados coa orixe e a tramitación destas subvencións. Deste xeito, sinálase que as axudas directas da PAC no novo período de programación da PEPAC 2023-2027 inclúen tres liñas: as axudas á renda dos agricultores e gandeiros, aquelas asociadas á súa produción (segundo sexa leite, vacún extensivo, ovino e cabrún, etc.), e os denominados ecorréximes, unhas prácticas voluntarias que se consideran un "extra" por parte dos produtores e que están enfocadas á sustentabilidade ambiental e climática.

As axudas á renda concédense en función do número de hectáreas da explotación para as que se dispoña de dereitos. Estes dereitos obtéñense de tres formas: mediante a asignación inicial na campaña, pola cesión entre titulares ou vía da chamada reserva nacional, que constitúe un fondo de dereitos xestionado por cada Estado membro.

As posibles vías de acceso a estes dereitos da reserva nacional teñen que ver co status dos agricultores e gandeiros. Así, pode accederse sendo unha persoa agricultora moza,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

unha persoa nova que se incorpora á actividade agraria, unha persoa lexitimada para recibir os dereitos por sentenza xudicial ou actos administrativos, un agricultor en situación de desvantaxe (neste caso serían persoas xefas de explotación con hectáreas subvencionables), ou unha persoa xefa de explotación que participe en programas de reestruturación, no marco dunha intervención pública legalmente regulada, cuxo obxectivo sexa evitar ou reverter o abandono de terras. En Galicia, este último sería o caso, por exemplo, dos instrumentos da Lei de recuperación de terras, como poden ser os polígonos agroforestais ou as permutas.

A importancia da PAC para Galicia

Cómpre lembrar o importante valor das axudas da PAC para Galicia, uns fondos que en palabras do presidente da Xunta son “fundamentais” porque ofrecen un firme apoio aos agricultores e gandeiros, ao garantir estabilidade nos ingresos, proporcionar seguridade e mellorar a rendibilidade do sector agrario. Desta maneira, o apoio da PAC favorece o mantemento da actividade agraria en particular, pero tamén do sistema alimentario no seu conxunto.

Tendo en conta isto e o contexto de negociación que se “está decidindo agora en Bruxelas”, a Xunta vén traballando, da man do sector, a prol dunha PAC forte e dotada de orzamento suficiente. O Goberno galego reclama tamén -como así o fixo o propio presidente Rueda este mesmo mes en Bruxelas- que se manteña a actual arquitectura de dous fondos diferenciados (Feaga e Feader) para que queden blindadas todas as medidas, non só as axudas directas, senón tamén aquelas vinculadas ao desenvolvemento rural. Así mesmo, demándase que se manteña o sistema actual de xestión descentralizada dos fondos e, entre outras cousas, que se teña en conta a estrutura territorial agraria galega, onde abunda un minifundismo que, porén, non impide que as parcelas e as explotacións da nosa Comunidade sexan rendibles.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A MARCA DA XUNTA 'PESCADERÍAS, DE ONDE SE NON?' CONSOLIDA O SEU CRECEMENTO CUNHA CERTIFICACIÓN DE 19.300 TONELADAS DE PRODUTO EN 2025

- Supón un aumento do volume certificado do 27,45 % con respecto a 2024, sendo o segundo rexistro máis elevado desde que a Consellería do Mar puxo en marcha este selo de identidade e calidade
- 541 entidades, como son lonxas ou centros de primeira venda, empresas de transformación, distribuidores, depuradoras, centros de expedición, comerciantes, tendas en liña e restauradores contan con este selo de calidade diferenciada

A marca *pescadeRías, de onde se non?*, impulsada pola Consellería do Mar, consolida o seu crecemento cunha certificación de 19.300 toneladas de produto en 2025, o que supuxo un incremento do 27,45 % con respecto a 2024. O Consello da Xunta deu conta do informe de balance deste selo de identidade e de calidade co obxectivo de protexer e promover os produtos procedentes da pesca artesanal e sustentable na costa galega.

O documento revela que o volume foi medrando de maneira significativa nos últimos anos, de tal xeito que os rexistros do pasado exercicio son os segundos máis elevados desde a súa posta en marcha.

Esta certificación busca diferenciar no mercado un produto das rías de alta calidade e recoñecido prestixio como o peixe e o marisco, garantíndolle ao consumidor a súa orixe e as súas principais características: frescura, orixe e sustentabilidade. Deste xeito, teñen que ser capturados como máximo 24 horas antes da súa primeira venda e mediante modalidades de pesca selectivas: anzol, enmalle, cerco, artes de marisqueo, boliche ou técnicas de mergullo para recursos específicos.

Neste senso, no proceso de autenticación destacan os grupos de peixes co 75,31 %, seguidos do bivalvos co 14,47 %, os cefalópodos co 5,39 %, os equinodermos o 1,8 %, os crustáceos co 1,54 %, as algas co 44 % e outras descargas co 0,05 %.

A marca *pescadeRías, de onde se non?* pode ser utilizada por empresas que teñan as súas instalacións en Galicia, é dicir, lonxas ou centros de primeira venda, empresas de transformación, distribuidores, depuradoras, centros de expedición e cetárias. Para iso deben superar unha auditoría externa que garanta o cumprimento dos requisitos establecidos polo regulamento da marca.

No caso dos produtos transformados, estes deben elaborarse exclusivamente con materia prima certificada para poder obter tamén o distintivo.

A este respecto, ata o 31 de decembro de 2025, un total de 144 entidades obtiveron a certificación. Delas, 46 son rulas e centros de primeira venda, 35 distribuidores, 34 centros de depuración ou expedición e 29 empresas de transformación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste caso, o informe detalla que as lonxas que rexistraron maior volume de primeira venda de produto certificado foron Ribeira, con 4.326.696 quilos (22,40 % do total), e Portosín, con 3.606.337 quilos (18,67 %). Séguenlles Portonovo (1.751.678 quilos), Corcubión (1.687.348 quilos), Porto do Son (1.138.795 quilos), Malpica (1.058.736 quilos), Cambados (984.509 quilos), Sada (706.402 quilos), Illa de Arousa (405.882 quilos) e Fisterra (400.174 quilos).

Pola súa banda, comerciantes, tendas en liña e restauradores poden adherirse á marca mediante a sinatura dun compromiso de colaboración e bo uso do selo, sen necesidade de pasar auditoría. Na actualidade, son 397 os axentes adheridos.